

LUME DA FOGUEIRA

XOAN XOSE ARIAS BARREIRO

BIBLIOGRAFÍA

XOAN X. ARIAS BARREIRO, nace en Bueu (Pontevedra) el 6 de Enero de 1.938. Cursa estudios de bachillerato en su pueblo natal, obteniendo el Título de Grado Superior en el Instituto Nacional de Enseñanza Media de Pontevedra. Tiene por aquel entonces, solamente quince años.

En la Capital de España hace Oposiciones al Cuerpo General de la Armada y Cuerpo de Máquinas.

Estudia Magisterio en ratos libres, ejerciendo el desempeño del mismo en diversas academias de la capital pontevedresa. Más tarde se traslada a Vigo, donde reside en la actualidad, alternando la enseñanza con su trabajo actual de Administrativo.

Tiene varios premios literarios en lengua castellana, sobre temas de Seguridad de Empresas. Colabora con sus artículos en algunas revistas y boletines de las mismas.

Uno de sus poemas en lengua vernácula, “LEMBRANZAS DO MAR DE BUEU”, ha sido premiado por el Patronato Rosalía de Castro, y parte de su obra fue publicada en el Centro Gallego de Buenos Aires, así como en la Hermandad Gallega de Caracas (Venezuela).

Su labor literaria gallega destaca por el sentimiento apasionado con que describe los hechos y personas de su querida Tierra galaica, impregnados de Saudade y fuerte morriña.

Respecto a sus trabajos en castellano, su estilo es seco y desgarrado. Le gusta la crítica objetiva, entremezclándola con su apasionamiento sentimental, que es la característica peculiar de todo su quehacer literario.

LIMIAR

Cada día novos libros petan ás portas da nosa atención. Volumes fartos de cencia, de maxinación, de Folgo. Feixes de datos, de imaxes, de anceios. Tras de cada un está, de lonxe, un irmán que querer comunicarse, sentirse seguido ou edemirado, facerse con nós, e deixar-no noso espírito algo do seu. As veces os libros chéganos da man dos seus mesmos facedores.

Daquela temos diante o que máis importa: o home ca súa obra e cos seus degoiros, cas súas magoas e as súas inquedanzas. E pode vir pedirnos que presentemos a súa obra. Entón, o primeiro em que matinamos é qu ren podemos engadir ao que el trasunta a todos. Logo quí vai decir unha vella voz choca no preguntoiro das letras a carón dun mozoqu anda ás encetar. E logo quéné un para ir decirlle aos demáis: “eiquí tendes un poeta”. Ter fachenda en prologar sempre chama ao acedo retroque de inquerir quen nos presenta aos presentadores. Soio queda un camiño, o de coller a verba no seu vello senso de “ofrecer”, de “doar”, de “facer un presente”. Un galano é o que ves entrega hoxe ARIAS BARREIRO no libriño dos seus versos. I eu dígovos qué é el, e que fai.

O poeta naceu en Bueu, no remate da década dos anos trinta. Traballou sempre, ao tempo que seguía estudos. Ensaminouse no noso Instituto , seguía a carreira do Maxisterio, ensiña e traballa en oficiñas en Vigo. Algún escrito seu, encol de temas do que está a cotío traxeita acadou premios, un deles, sobre “Seguridad de Empresas”. Este que agora impronta non é o seu

único feixe de poemas. “Lembranzas do mar de Bueu” foi galardoado po-la Delegacion do Padroado “Rosalía de Castro” en Vilagarcía.

Como cando un atopa un poeta como ARIAS BARREIRO, véñenlle logo ao recordo as máis belidas estrofas do “Mireiro”, aquelas onde se fala nos froitos que, despois de que se pasan os colleitadores, quedan sempre nas outas polas, para os paxaros. Non de outro xeito que os ceifeiros pasan pola vida moitos poetas, apañando os froitos de espírito. Uns, nos gamallos das lembranzas, outros no do sosegado cavilar, algúns nas riseiras rexoubas, aqueles onde ecoan os pregos ou onde brúan ventos de revolta, moitos son sabidores de retrónicas e donos de vellas ou novas recetas para cociñar as verbas. Non faltan os que saben dar ás arbres alleas.

Pero aquí voschega un poeta inxel, dos que escollen a framulla onde Deus deixa mantenza pros paxaros vntureiros. A súa limpa voz dinos a todos cómo pode acadarse, aínda, a gracia sinxela deses froitos.

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

LUME DA FOGUEIRA

por

Xoán X. Arias Barreiro

VIGO Outono 1973

A Elena, miña muller
y-os meus fillos
co meirante garimo
Autores espirituais
dista pequena obra

ÍNDICE

<u>O avaro</u>	<u>1</u>
<u>Tempo de outono</u>	<u>2</u>
<u>Lembrando</u>	<u>3</u>
<u>Soneto do antroido</u>	<u>4</u>
<u>Meu porto</u>	<u>5</u>
<u>Queimada escóitame</u>	<u>6</u>
<u>Mes de xaneiro</u>	<u>7</u>
<u>Xente nosa</u>	<u>8</u>
<u>Aos orfos</u>	<u>9</u>
<u>Louva de gaita</u>	<u>10</u>
<u>Naceu</u>	<u>11</u>
<u>Nove froes</u>	<u>12</u>
<u>Sempre en Castelao</u>	<u>13</u>
<u>As de sempre</u>	<u>14</u>
<u>Ese mesmo mar</u>	<u>15</u>
<u>Mes de febreiro</u>	<u>16</u>
<u>Nenos galegos</u>	<u>17</u>
<u>Festa do Neno</u>	<u>18</u>
<u>Mártires do mar</u>	<u>19</u>
<u>Lembranzas dun inmorrente</u>	<u>20</u>
<u>No vinteún de San Xoán</u>	<u>21</u>
<u>Oito anos hai</u>	<u>22</u>
<u>O Nadal</u>	<u>23</u>
<u>Emigrantes</u>	<u>24</u>

<u>A meus filliños</u>	<u>25</u>
<u>Terra nosa</u>	<u>26</u>
<u>Miña aldea</u>	<u>27</u>
<u>Mes do marzal</u>	<u>28</u>
<u>Lembranzas do mar de Bueu</u>	<u>29</u>
<u>Miña velliña</u>	<u>30</u>
<u>O inmorrente</u>	<u>31</u>
<u>O meu amor</u>	<u>32</u>
<u>Galegos ceibes</u>	<u>33</u>
<u>Camiñando</u>	<u>34</u>
<u>Liboreiro</u>	<u>35</u>
<u>Outro premio</u>	<u>36</u>
<u>Xentes irmáns</u>	<u>37</u>
<u>Soneto da morriña</u>	<u>38</u>
<u>Falando soio</u>	<u>39</u>
<u>Louvanzas á miña nai Pepiña</u>	<u>40</u>
<u>Teño máis cunha parexa</u>	<u>41</u>
<u>Homaxes aldeáns Miña</u>	<u>42</u>
<u>Á miña filla Carmen</u>	<u>43</u>

O avaro

Un vello avaro ruín
Aforrador consumado
Atopouse cun "peluquín"
Que alguén mercou roubado.

Hoxe non vai o barbeiro
Cós cartos que aforrou
Foise a un zoqueiro
A prestarlle a un por dous.

Póusase sentado no chan
Cando se dispón a xantar
Di: -Así préstame o pan
E penso máis en aforrar.

Non alcende a cociña
Cando vai facer de comer
Ríllase unha espiña
Chupándoa máis non poder.

As veces baixa á praia
Chegándose á beiramar
Colle unha podre raia
Que ningures quixo levar.

No muíño ten un milleiro
Disque está co barolo
Pois é tanto o diñeiro
Que todos din: está solo.

O que fai non é aforrar
Xa que nunca tivo gatos
Todo o que ten hanllo papar
Manten, se, bichos e ratos
E para-la ren ren se ha levar.

ooooooooooooOOO ooooooooooooo




Tempo de outono

Seráns de Outono
Días de sono
De follas caídas
E tellas rompidas
Árbres sen frores
Tempos de amores
Chuvia a roiar
E vento a zoar
Tempo de friaxes
Xentes na cociña
Darredor das laxes
Coa lareira quentiña
Pingan as tellas
A lús abanea
E fora,
Tronos e centellas.
O ceo está escuras

No mar beillan as dornas
Aos homes pínganlle as luras
Coas mans nos bolsillos
Nin quentes nin mormas
O mar bate nas penas
Na lonxa de peixes ren
Dormen as nenas
O petrucio
Sae en percura dalguén.
Encallou no penedo
Encallou a gamela
Noites de Outono
Noites de medo
Noites e noites
Sen unha cadela.

ooooooooooooOOO ooooooooooooo





Lembrando

Tempos derradeiros
que se foron moi lixeiros
Tempos pasados
Tempos, hoxe,
cáseque olvidados
Anos de morriña
lembrando aquila xentiña
Anos para min millores,
anque disque foron piores
Hoxe non hai familiaridade
Non hai irmandade
Vívese para cadanseu
Pérdense os valores espirituais
e olvidámonos do noso Deus.

As veces camiño po-los areais
chegándome até a beira
e sempre topo vellas táboas
do que un día foi unha xeiteira,
víndome axiña aos ollos algunhas bágoas.
Hoxe as praias son moitedume,
mesmiño que no monte o estrume,
Non se sinte o ouvir das gaivotas
Síntese a xente cal miñocas,
apiñadas e apertadas
coma sardiñas enlatadas.
O mar, non é o dos meus anos primeiros
Non se miran nin dornas nin xeiteiros
Non é un mar limpo e virxe
Hoxe é un mar suxo e sen peixe.
Non, o o pasado foi millor
A xente, hoxe, vive espiritualmente pior

Xa non é limpo o ar
Olvidámonos da nosa xente e do noso lar
Hoxe non hai paraxe
Estamos tolos con tanto movemento
E todo un mundo de sofrimento
¡Que verdade as verbas de F. Luís de León
Hoxe, queiramos ou non, tiña moita razón.
E remato, entre as herbas verdescentes
que me foron os presentes,
onde me alumearon o pasado
vivindo por elo
un anaco do meu recordo
para mín moi lembrado.

ooooooooooooOOO ooooooooooooo




SONETO DO ANTROIDO

As rúa é enchense de bascalleiros
Escomenzan as festas do antroido
De noite os bailes son fervideiros
A ledicia é pantasía. Eu coido

Que isa probe xente non é leda,
cecais sexa ledicia moi tristeira
Mais, para-quiles que xa nada lles queda
Tan soio, unha noite ventureira

Os homes canigan as charangadas
onde aproveitan para ddecir verdades
que no ano adormecen caladas

Poñendo moi roxiños e bermellos
Cando descubren as ruíns falsedades,
ós caciquiños e aos concellos.



MEU PORTO

Nacín nun porto de mar
onde homes lexos do meu lar
traballan por necesidade
en calisquera cibdade,
ben sexan españolas ou estranxeiras.
Moitos deixan súas leiras
para voltar un día con algún diñeiro
e descansaren de vellos a carón dun piñeiro

E cántos son os que non veñen?
Uns, porque nin cartos teñen
para-o retorno a terriña,
e morren en vida chéos de morriña

Outros, mortos i enterrados
nun cemiterio calquera
alléo pro non olvidado

Eiquí quedan meus rapaces
lembrando súas imaxes
Imaxes de xuventudes,
imaxes dos meus pais
que non voltaron a carón das súas nais

Fillos e nais traballan para mal comer,
ílas sen bágoas xa que verter
vanxe ao monte a facer feixes
e íles na praia pillando peixes

Outras, remendan aparellos,
seus rapaces limpan eiras e cortellos,
seus vellos no mar coas liñas
i as nenas no alboio coidan das meniñas

Istas verbas non soio verbas
Son verbas de verdade
que agora lembro eiquí na cibdade
con morriña e con saudade

Iste é, o porto onde eu nacín,
enchantado na fermosa Ría de Marín,
onde ten limpas as brancas praias

e bon marisco nos cons,
e unha longa illa. A illa de Ons

Iste porto é o meu.
é, o porto de BUEU.

ooooooooooooOOO ooooooooooooo



¡¡QUEIMADA ESCOITAME!!

Sapos, demos e bruxas
Lesmas, bestas e cabuxas
Abellas e corvos tortos
Espiritos dos Celtas mortos

Pes de coello, patas de can
guedella de cabra mal parida
e peidos de forte estampida
para-os que veñen e se van

Maullido de gata canda a xaneira
bandullo desenrolado de muller solteira
e bruxos e negros meigallos
topados entre piñeiros e carballos

Eiquí estamos para tomar
lume, raios e centellas
Chamar axiña as estelas
e xuntos faremos un cantigar

Forzas do lume e augardente!
Agora que aínda estades quentes,
a vos fago ista chamada:
Si é verdade que tendes máis poder
que tóda-las humáns xentes
Móstralle a istes valentes
eiquí e agora:
Cós espritos dos amigos que están fora
participen con nós d-ista queimada.

ooooooooooooOOO ooooooooooooo



MES DE XANEIRO

Días de inverno
Días de inferno
Días de friaxes
con man coma laxes

Mans de frieiras
Xentes con caldeiras
darredor das eiras
facendo fogueiras

Mes de Xaneiro
Mes ventureiro
De derradeiras lambetadas
e de economías apertadas
Mes do ano escomenzado
para seguir todo a fiado
Baixan ao mar os xeiteiros
en percura dos peixes primeiros

Mes de Xaneiro
Mes ventureiro
Mes de fríos
Mes, cos bolsillos baldíos.

ooooooooooooOOO ooooooooooooo



XENTE NOSA

Xente galega
Xente de door
Xente anterga
Xente de valor

Xente galega
Xente do mar
Xente da veiga
Xente que non chega
a mira-lo seu lar

Xente calada
Xente de laboura
Xente asoballada
por xente dafora
Xente, xentiña
probe e escraviña
Xente de rica terra
Xente de paz
e non de guerra.

AOS ORFOS

Amores, amoriños
que van e veñen
facendo alumiños
bicando ollos e beizos
prós que mulleres teñen

Os orfos que anos fai
tamén teñen amoriños,
teñen aos seus pais
alá no ceo Celestiai
que coidan díles
como cando eran meniños

Amores amoriños
baixar para terra,

endereitar os camiños
e facer que os homes
non loiten nin fagan guerra

Amores amoriños
que en baixo deixades orfos
pedirlle a Deus
que non haxa máis mortos.

ooooooooooooOOO ooooooooooooo





LOUVA DA GAITA

Prós estranos disque berras
Prós iñorantes non tes melodía
Prós caciques reivindicáanos as terras
E para nós es agarimo e pantasía.

Es escudo i bandeira
dos que sinten e choran por Galicia
Es o guieiro dos que sairon da leira
en percura do benestar e ledicia

Es o lume da esperanza
que anima e revive aos emigrados
en terras alléas. Esprallados
na morriña e na lembranza

Es o fidel compañeiro
na ventura e desventura
Es o aturuxo miragreiro
que crama acougo e fartura

Es o vento i o ar
de tódo-los galegos aferrollados

Que arrincados da Terra, fuxen por millorar,
e pousan para sempre nos cimiterios iñorados

Mesmiño que nós choras

Mesmiño que nós rís

Dacote morriñando días e horas

Denantes no Bós Aires e agora no París

Gaita. Gaitiña nosa

Toca sempre alboradas

praos lonxanos dista Patria fermosa

que choran mais que rín en moitas vegadas.

ooooooooooooOOO ooooooooooooo

Nota.- Iste Poemas alcóntrase na Acción Sociái do
Centro Galego de Bós Aires.



NACEU

Naceu un Meniño
Un Meniño probe i espidiño
Naceu para morrer
por todos nosoutros
Este nacer,
foi Lús de encontros,
encontros de irmandades,
irmandades de razas i edades,
Esta noite naceu,
naceu o Fillo de Deus
Morreu na Terra,
morreu, e vive no Ceo
Esta noite é sinalada
É de todas, a máis acougada
É noite de recollimento
É noite de acontecemento
É a noite de máis lús no firmamento.
Esta noite naceu
Naceu, o Fillo de Deus.

oooooooooooo OOO ooooooooooooo



NOVE FRORES

Fror do meu vivir
Fror do meu pensamento
Fror do meu sufrir
Fror do meu sofrimento
Fror da terra verdecente
Fror da auga pura
Fror fermosa e valente
Fror na vida escura
Fror, da fror máis bela
e entre todas, a máis sinxela
Istas nove frores
son coma nove agarimos
en Nove anos de amores
cheiños de acougo e de meimos.

Teu Xoán

26-9-73

oooooooooooo OOO ooooooooooooo



Sempre en Castelao

Sampechano i esgrevio cabaleiro
Labarada permanente da xuventude
Foi sempre o millor y-o primeiro
en talento i en virtude.

Arrincoado por amar a súa Terra,
viaxe para lonxe, delorido e queimado
po-la acongoxa da guerra.

Sostido po-la meirande Saudade
"vive" Sempre en Galiza
Compartindo a probeza e calamidade dos seus.
Marxinados por patrioteiros de cobiza.

Esta alumeada. Adica todo seu laborío
en pro do engrandecemento do Chan
e, namorado coma ninguén a cotío,
sinte o esforzo baldío de calisquer irmán.

Semigrante i embaixador
da verdecente Terra Nai
Ensina co meirande fervor
a lingua e o idioma, coma un
petrucio pai.

Sostrégalle os ollos de carraxe
ao ve-las ruíns argalladas,
loitando hastra non ter paraxe
por acabar con toda-las aldraxadas.

Abaifando no desterro americán
Fenece na lembranza do seu Lar,
no recordo do seu querido chan
que o víu nascer e o víu marchar.

Onde está que é na Chacarita galega
Dacote hai froles para iste esgrevio irmán
que vivíu morrendo en terra allea
para pousar alá aternidamente.
Pro seu espírito alumea sempre,
sempre, aos fillos de Breogán.

oooooooooooo OOO ooooooooooooo




AS DE SEMPRE

Moscas, mosconas
Sodes todas unhas cabronas
No xantar
dalle con chupar
No sono
Despertádesme cún trono
Xa me estades amolando
E como colla unha binvia
Iredes po-lo ar voando
Sabe Deus hastra cando

Ide a voar po-lo ar
e deixade xa de importunar!

oooooooooooo OOO ooooooooooooo





mark

ESE MESMO MAR

Novas vítimas cobrou o mar
Embravecido coma un león
Rouba homes cal un ladrón
Desfacendo familias no fogar

Cantos homes non tragou?
E canta xente non chorou
por eses loitadores homaxes,
que deixaron orfos aos seus rapaces?

Ese mesmo mar
Que un día prestouse a xogar
co-á familia en irmandade
Fúndeos agora en completa escuridade

Ese mesmo mar
Que os viu nascer
Arremete contra o fogar
Aos probes que han de morrer

Ese mesmo mar
Outrora acougado
Agora arrincós do seu lar
Coma presos condenados

Ese mesmo mar
Que un día lles díu a man
Quítalle agora o pan
aos fillos no xantar

Ese mesmo mar
Dacote vivente de farturas
Hoxe aos deudos vai deixar,
miserrentos i a escuras

Ese mesmo mar
Novas vítimas ha cobrar
Pois a meirande verdade
é, que non teñen seguridade

E ese mesmo mar



MES DE FEBREIRO

Mes do febreiro
Mes do inverno
Mes pequeneiro
Mes, con días de inferno
Días pequenos
De fortes temporales
Con frieiras os nenos
E carraspeiras de males
Mar de fortes ronquidos
E longos oleaxes
Con barcos rompidos
batendo nas laxes.
Mes de febreiro
Mes pequeniño
De lama no carreiro
E augas no camiño
Mes de febreiro,
coma seu irman xaneiro
Mes, co bolsillo baldeiro.

oooooooooooo OOO ooooooooooooo



NENOS GALEGOS

Mollan pés
Mollan mans
e pasan fame coma cans

enchen caldeiros
corren lixeiros
chegando ao barco
sempre de primeiros

Noite de lúa chea
lembra miña xuventude
con fame e sen saúde
Noite de lúa chea
noites e noites
paseinas sen cea.

oooooooooooo OOO ooooooooooooo




FESTA DO NENO

Festa do Nadal
Festa fermosa
Non hai outra igual
Nesta Terra Nosa

Festa do nacemento
Coa Lús no firmamento
Acougadiño nas pallas
Botamos por El, fogos e trallas

O neno dorme
é noite de sorte
Víu para salvarnos
e non para matarnos

Na Terra aínda hai mal
Loitan até no Nadal
Pro ista noite é festa de louva
Festa, na Festa de Noitebóa.



MÁRTIRES DO MAR

Nenos orfos
Pais mortos
Rapaces chorando
e mulleres lembrando
aos homes afogados
neses mares olvidados

O mar foi súa eira
O barco o seu lar
Sempre en percura ventуреira
hastra no fondo quedar

Vida de traballo ruín
para se-lo mar o seu fin

Mulleres, non choredes
po-los homes que perdedes
Non están no fondo do mar
Siguen presentes no voso lar

coma espritos de Deus
para xuntarvos de novo alá no Ceo


Esta vida é un atallo
dun camiño longo de felicidade
Os mortos diste escravo traballo
topan axiña os carreiros da verdade

Mulleres, sede fortes!

Ide por este atallo
e loitade por unha boa morte
Que ao deixar na terra o traballo
Xuntarédevos con íles no Ceo
Cumprindo así a vontade do noso Deus.

oooooooooooo OOO ooooooooooooo





LEMBRANZAS DUN INMORRENTE

Non sei coma escomenzar
o que teño na cachola
Dinde neno na escola
sempre me gustou falar

Falar o noso idioma galego
para decir cousas da Terra
Hoxe estou tristeiro e ledo
ao lembrar aquil home de guerra

Cecais foxe todo baldío
o esforzo daquil inmorrente
que amou seu terruño a cotío
Sendo dinde entón, lús e semente

Semente que con forza prendeu
na súa garimosa Galicia
Que máis testemuño qui eu,
nascido no pobo de Bueu?

Morreu denantes di eu nascer,
e por iso, persoalmente non o coñecín
Pro seu Espírito foi i é un frolecer
nesta Terra. Terra de xardín

Súa morte vilmente roubada
por aqueles falseiros cristiáns,
por aqueles caciques e lacazáns,
ineutos, ficados nesta terra aferrollada

Súa laboura foi despertixiada,
incomprendida e asoballada
por indios irmáns e xentes alléas
a nosas cibdades e aldeas

Remato por non poder seguir
Trémeseme o pulso ao escribir
E xa non vexo con caridade
Aos ollos véñenme bágoas de verdade
cando co corazón na man
falo diste esgrevio e inmorrente irmán.

oooooooooooo OOO ooooooooooooo

Nota.- Iste Poema atópase na Irmandade
Galega de Caracas (Venezuela)



NO VINTEUN DE SAN XOÁN ADÍCOLLO A MEU IRMÁN

Anos e anos fai
cando eramos pequenos
xogábamnos á "cachiza" alá no "relleno"
e pañabamos algún que otro lampazo
da man da nosa nai.

E anos e anos fai

Aínda penso que foi onte
e xa se foron algúns anos,
máis para mín, que onde mellor estou
é alá no meio do monte
arrodeado de piñeiros e carballos,
penso e penso
coma se o pasado fora millor co presente.

E anos e anos fai

Cando estudabamos na "casa nova"
eu naquíl piñeiro pendurado
e ti espricándome as leucións da escola
para non berrase o mestre señor Carballo.

E anos e anos fai

Cando ibamos ca-boa Pepiña
a "Serra do Saltón"
a colle-las carapas que día nunca tiña
para poñe-lo roxo seu ferro da cociña.

E anos e anos fai

Que un onte e un presente
fúndese cun hoxe
pois a lembranza do pasado
e maior naquiles que están lonxe
morriñando sempre ao terruño cos-á criado.

E anos e anos fai

Que homes que loitan por unha vida millor
traballando na Francia e na Alemania
e deixando naquilas terras de Deus, seu suor,
onde poudían ficar na súa Galicia

que sempre foi terra escravizada
e preñada de inxusticia.

E anos e anos fai

Que a verdade é boa, se se dí con xeito
pois os grandes señores como teñen todo feito,
din que hai que promove-a emigración,
e que os cartos dos galegos
son para ergue-la nación.

E anos e anos fai

Que ninguén nos axuda a xuntar cartos
pero os Ministerios facendo Plans
bulen tan lixeiros que xa non teñen mans,
mentres que nos eiquí
de consellos e verbas ben ditas
xa estamos fartos.

E anos e anos fai

Que xa vai sendo hora
en que todos os galegos
non sirvamos de coellos de indias
e loitemos po-las diferencias
económicas e sociais

que dinde séculos temos
para rematar coas feridas e doores
de tódalas nosas nais

E anos e anos fai

Que fermoso sía ser outra vez pequenos.
Lembrar aqueles dourados anos
que se foron tan lixeiros
e que todos botamos moito de menos.

E anos e anos fai

Que sempre fuches un bo irmán
exemplo i espello onde me vexo.
Home con máis talento e personalidade
ca muitos piritos e inxenheiros
de calisquera cibdade,
e sendo para min unha delicia
no día de hoxe en apertarche
moi forte a túa man.

E anos e anos fai

Que festexamos xuntos no San Xoán
ti hoxe que o vinteún

y-eu o vintecatro
qui é dispois de pasado mañán


E anos e anos fai

Que dinde alá enriba
víndonos a nosa nai,
pídolle a Deus nos dé longa vida
para festexar en moitos anos
neste mesmo día
o vinteún de San Xoán.

E anos e anos fai.

oooooooooooo OOO ooooooooooooo





OITO ANOS HAI

Oito anos hai que me casei
Oito hai que non olvidarei
Oito anos en setembro
daquil día ca-gora lembro.

Aquila rapaciña de branco e moi rosiña
asemellábase a un anxo celestial.
E disto, oito anos hai.

Oito anos son poucos,
para-igúns poden seren moitos
Para mín son soio oito.
Oito chéos de lelicia
Oito sempre xuntiños
Oito con dous filliños
Oito dándome bicos e aloumiños
Oito, oito que se me foron voando,
e pídolle a Deus que me siga amando,
e que non haxa Un hastra cando!
Oito anos fai que en setembro

do ano sesenta e catro
xunteime no día vinteseis
con esta galeguiña
bóa, roxiña e moi feituquiña.
Xunteime, coa miña ELENIÑA.

Iste poema quédase sen remate,
rematareino cecais,
cando nosos bisnetos
sexan pais e nais

teu Xoán
26-9-72

oooooooooooo OOO ooooooooooooo




O NADAL

O Nadal chega
A noite está cega
O Neno alumea
a todos na Terra.
Hoxe é noite de ledicia
na nosa Galicia,
No Ceo a estrela brila
Hai festa na Vila
Festa sobor da Terra
Festa, hastra na guerra.
O Neno víu para todos,
íles non están soios.
Brila a Lús na Terra
Brila, para que non haxa guerra.
Brila moi forte no Nadal
Brila para-o remate do mal.
E festa que non ten igual
é a festa millor, ñe a festa do Nadal.

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo





EMIGRANTES

Morremos cando nascemos
Vivimos dimpois da morte
Sempre nesta vida sufreremos
hastra que o vento nós vire prao Norte

Ímonos po-lo mundo adiante
Deixando en terras alléas
noso suor e nosa sangue
Morriñamos por cibdades e aldeas
en percura do ben-estar
Facéndonos con catro diñeiros
hastra vivir un día ao noso Lar
para morreren de vellos baldeiros

Nascemos sendo emigrantes
Emigrados morremos
Levando sempre por diante
a Terra, que non a esquecemos

Cando pousaremos nos nosos Lares
Ter frábricas onde traballar,
e non ire por ises mares
fuxindo diste asoballar?

Quero xa rematar
Póñeseme a carne de galiña
en ter que decir e falar
dista xente morrente de morriña
que fuxiron cal raposos
nos seus millores anos mozos.

Nota: Iste Poema atópase no Instituto da Cultura Galega de
Arxentina- Centro Galego de Bos Aires

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo



A MEUS FILLIÑOS

Teño, teño
Teño un monte
Teño, teño
Teño o que non tiven onte

Teño, teño
Teño o que non tiña
Teño, teño
Teño unha meniña

Teño, teño
Teño moito
Teño unha parexa
benedicida nunha Eirexa

Teño, teño
Teño dous meniños,
un Xoán i outro Carmeliña,
que me dan bicos e aloumiños
Gracia meu Deus!, por ista parexiña.



TERRA NOSA

Días de Maio
de ruín traballo
de penas e choros
e rapaces en coiros

Nenos orfos de pai
de corpos entumidos
vándose perdidos
os fillos maila nai

Para uns ledicias
para outros inxusticias
uns marxinados
e outros axudados

Ai meu Deus!
todos somos fillos teus
Fai que haxa xusticia
nesta Terra nosa
boa e fermosa.

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo



MIÑA ALDEA

Eu non sei moito,
Pro teño ollos e cachola
Vexo que na nosa Terra
Os nenos saben pouco
E cáseque non teñen escola

Eu non sei moito,
Proteño ollos e cachola
Olo que por nós
Ren fan,
Homes e nenos
Moitos dormen no chan

Eu non sei moito,
Proteño ollos e cachola.
Miro que eiquí vanse todos
e aldea quédase soia.

Eu non sei moito,
Proteño ollos e cachola.
Pero sei que o día chegará
En que o labrego aldeán,
será mañán?
terá ledicia.
Chover a choer..... xa escampará.

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo



MES DO MARZAL

No mes do marzal
escomenza a primaveira
vaise o temporal
e as barcas deixan a beira

As embarcacións, voltan ao mar
en procura de novas singladuras
Índose todos a pescar
dimpois de un inverno a escuras

Os arbres botan frores
Os paxaros voan ledos
A natureza véñenlle os cores
i os nenos brincan nos enredos

Escomeza unha nova estació
Os barcos prestos a marchar
para unha incerta navegació
Xa están todos sobor do mar

E o mes do marzal
Foixe xa o temporal

LEMBRANZAS DO MAR DE BUEU

De sempre me gostou o mar
De sempre me gustaron as barcas
e as barquiñas
De sempre fun fervente namorado
dos mariñeiros
De sempre que estiven terra adentro,
tiven do mar moita morriña

De sempre me lembro
dos meus anos primeiros
cando cediño ía po-la man do meu pai,
alá po-lo mes de Xaneiro
a mirá-los barcos que enfiaban po-la Banda do
fumegando as chemineas /Cabalo
e botando muxicas coma se fose un estralo

De sempre me gostou o mar

De sempre lembrarei aquiles barcoa
po-la popa derrengados,
erguendo a súa proa
coma que pedirlle a súa Virxe

cós arrincase daquela vida ruín
a que forn condenados

De sempre me gostou o mar

De sempre tiven no pensamento
aquiles sofridos homaxes
coas chambras rachadas e meio en coiros
ensinando aquiles peitos de buxo
coma se foxen pequenos rapaces

De sempre me gostou o mar

De sempre tamén aquiles outros
con menos saúde,
remendadiños darriba en baixo,
semellándose máis ca homes a paiasos
e deixando naquilas lambidas panas
o millor da súa xuventude

De sempre me gostou o mar

O ronquido das ondas batendo naréa,
o camiñar pausiño dos patexos,
as augas sobindo e baixando coma se fosen
/ acordeóns
deixando ó decuberto, carromeiros e caranguesos

De sempre me gostou o mar

Ir nas dornas, nos botes e nas gamelas

Mollá-los pés nesa mar virxe,

chéo de animais viventes

Ir po-la beira pañando cunchas i estrelas,

e vé-los remuíños que fan nos cons e nas

penas as correnets

De sempre me gostou o mar

Mira-las gaivotas tan brancas coma escumas,

voando e voando camiño do Ceo,

e de súpeto baixando a todo meter

en percura dalgún peixe que coller

De sempre me gostou o mar

Vindo as bandas de gaivotas,

brilantes coma reixes

voando encol dos paus, orredor das siteiras

cando ílas na volta para terra,

en porfía de chegar axiña de primeiras,

para vende-lo millor na lonxa dos peixes

De sempre me gostou o mar


As noites da lúa chéa,
cando o mar está coma un prato,
sintíndome soamente
o murmulo das ondas
cando ílas bican mollando naréa

De sempre me gostou o mar

(Iste poema foi premiado na II Xusta de Xuglares po-lo
Patronato Rosalía de Castro)

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo





MIÑA VELLIÑA

Miña avoa, miña velliña
Miña nai, miña Pepiña
Quixera contigo falar
Quixera túa voz ouvir
Vou pecha-los ollos
para mirarte de novo no lar.....

.....
.....
Xa, xa te vexo, xa te vexo vir
pro non ves coma eu pensaba.
Non tes na cabeza o teu pano.
Non é así coma eu te lembraba
dinde aquí derradeiro ano
que te ías, que te marchabas.
Ves branca, branquiña
cos cabelos sobor dos ombreiros,
a face sen enrugas e máis redondiña.
Paresmes, a do meus anos primeiros.
Teus ollos brilan moi resplandecentes.....

.....
.....
Agora cáseque non vexo ren
sinto soio un calorciño quente
que me alumea,
pro non me deixa mirar ben.....
.....

.....
.....
Xa pasou, xa te vexo de novo
Agora se, agora vouche falar.
Quero decirche cousas do mar,
cousas onde se desenrolou a túa laboura,
cousas pasadas, cousas olvidadas
pro que téñoas moi lembradas.

Coma auilas sofridas atadeiras,
aquilas mulleres encanado aparellos
sen ningún pataco nas faltriqueiras,
e mal vivindo en cáseque cortellos.
Xentiñas traballando de sol a sol
para gañar para mal comer,
levando un miserrento cu de fol
de fariña e xurelos para cocer.
E así, día tras día

pañando sol e chuvia
sen outro porvir
que o duro traballo
de sufrir e mal vivir.....

.....
.....
Pro non te vaías, non rematei,
inda acabo de escomenzar!
Ben sabes que muito chorei
dinde que Deus te deixou marchar.
Prométeme vir para falar,
para mirarte, para ouvirte,

.....
.....
Agora xa sei como te atopar.
Outro día os ollos pecharei.
Pois nunca i en ningures te olvidareia.....

.....
.....
Entón, vou abri-los ollos
para contarlle ós meus y-os teus
que estivemos falando soios
porque así o quixo O NOSO DEUS.

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo



O INMORRENTE

Sarraxe da estirpe Celta que,
Acongoxado ao deixar a Patria
Sae fuxindo da Terra,
Zerrecido e desconceitado por
Estranos acontecementos da inminente guerra
Souvado sempre por seus fideles irmáns
Arela a cotío vir a morrer,
Obrigado, ao seu primeiro mencer.

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo

O MEU AMOR

Fai anos que a ollei,
cáseque era unha meniña,
pro xa entón ouro de lei.
Ollabamos o un para-o outro
deica que un día mal-encontro.
Foi unha festa do vran
e beillando collínlle a man
Era repoluda, pro feituquiña
Aquiles peixudos beizos e ollos grandes,
alcenderon axiña un amor tan verdadeiro
que toleei por aquela rapaciña.
Lémbrome, coma se foxe hoxe
o día que a ben mirei,
xa nunca máis a olvidei.
Foi unha noite de primaveira
cando lle confesei por vez primeira.
Confeseille o meu sentimento

Confeseille a miña paixón
Confeseille o meu sofrimento
Confeseille que non era ilusión,
que era un amor sincero
Un amor forte e grandeiro
Un amor complexo e sinxelo,
como unha eterna labarada
alcendida po-la máis bela fada.....

.....
.....


anos dimpois fun a Castela
e alá lembreime, como non, díla.
Compre decilo
que Madrیده gostoume de chéu
anque para min todo aquilo era
estranho, amarelo e alléu,
deseguida aquel ambiente
engatusoume,
envolvéndome naquila corrente
hastra coller seu modo de verbar

e cáseque ter vergoña do meu orixen,
da miña Terra, do meu lar,.....
pro iso durou mui pouco.
Hoxe dame arrepío o que fixen.
Na volta ao fogar
meu corpo estremeceuse de ledicia
en olla-la nosa verdecente Galicia
tan nobre e acougada,
coma feita po-la man dunha fada.
A mesma que me forzou a lembrar, decote,
decote, aquela rapaciña.
A mesma que me verteu auga e suor
dinde aquila forzada separazón,
alumeándome, sempre, sempre, o meu corazón.

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo



LA CORUÑA



GALEGOS CEIBES

Mariñeiros e campesiños
Dous traballos escravos
distes homes galeguiños
que esprotados por avaros,
arrincan do mar e da terra,
mariscos, froitos e peixes
Para levaren a terra alléa
A xentes que viven coma reixes
Homes mariñeiros
Que mal dormen en madeiros
Loitan nas penas e nos cons
en percura de catro camaróns
Homes de tóda-las edades
Sen cáseque seguridades
Pasan po-las máis duras calamidades
Campesiños aldeáns
De encallecidas mans
Que traballan prás contribucións
Son hoxe, vellos sen ilusións
Mariñeiros e campesiños

Que loitan en mares e veigas
Deixan con morriña súas leiras
Indose da Terra en procura de camiños.

Esta xente nasceu para sufrir
E morrendo por vivir
Andan po-lo mundo a tombos
Hastra que Deus
os leve para ese Ceo
Onde teñen paraxe e acougo.

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo



CAMIÑANDO

Era un vran moi quente
cando po-los outeiros
topei aquila probe xente
pendurada en carballos e piñeiros

Eran mozas e velliñas
rachadas e rompidiñas
enloitadas e meio en coiros
cheas de door e sen degoiros

Máis adiante, rapaciños
suxos e mal vestidiños,
xogando entre as herbas
e mal falando as primeiras verbas.

Entre iles dían:

Onde estará papai
por que non está coa nosa nai?

Que estaba lonxe, se o sabían
Lonxe da súa Terra
Lonxe do seu lar
Lonxe do seu ar
Lonxe dos seus
pero non lonxe de Deus

Isto mireino ao camiñar
para-gora escribir e falar
dista dura verdade
que non queren mirar na cibdade,
dista xente escravizada
por outros marxizada.

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo



LIBOREIRO

Forte e rexo coma un xigante
Faro e vixía do navegante
Testigo fidel das falcatruadas
que antergo fixeron os caciques
e que agora adormecen caladas.

Refuxio dos marxidados
e cimiterio dos condenados.

Pai nobre do noso chán
do sul, noso lindeiro,
e de todos o meirande Outeiro.

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo



OUTRO PREMIO

O premio que me diron iste ano,
anque foi pequeno en diñeiro
pareceume máis miragreiro,
pois foi feito pensando en tí.
E inda sei que despois de mortaña,
anque meu corazón chora,
para min serarás dacote a miña avoa pequeniña.
E alá onde estás, que non é outro lugar queo Ceo
Desme ánimo para-lumarche cunha veíña,
pois iste door que teño no meu corpo
é coma unha fror vermella
Como doi, como sangra!
Máis, aínda cando vou ao camposanto.
Si viras canta xente batía cas mans,
máis non era por min soio, era po-los dous.
Estaban alí tamén meus irmáns,
non faltaban tampouco teus netiños,

sobre todo o teu "roxiño",
íle estaba moi contentiño,
pois a súa lembranza non é outra
que a do seu pai. Tódolos, tódolos
eramos unha mesma persoa.
Eu sei mesmamente, que eihí
no Ceo contigo, mirábanos nosa nai,
íla tamén compartiu connosco as
ledicias que tivemos no día meirande
para mín de lembranzas.

Sempre teu Xoansiño

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo



XENTES IRMÁNS

Fai moitos vráns
cando a Teis cheguei
E nunca esquencerei
aquil trato de irmáns

Iste ano virei de primeiro
Festexareia ao Santo Salvador
e pasareino cecáis millos
que o ano derradeiro

Vendrei co bandullo baldeiro
para encherme de xardiñas
Rillarei hastra as espiñas
E coma sempre, ireime sen diñeiro

Prao próximo vran,
se Deus quer, tamén virei
Pois nunca esquencerei
que fun tratado coma un irmán.

(Nota: Ista poesía foi feita especialmente, e adicada ás xentes de Teis-Vigo co gallo das súas festas Patronais do 1.973)

SONETO DA MORRIÑA

Non quixera fenecer sen ollá-los
compañeiros da miña mocidade
Quixera, se de novo xuntalos
anque vivan cadanseu na cibdade

Quixera, volverme neno para xogar,
libre de moitedume e de cheiros
naquiles areais a beira do mar,
ou nos outeiros chéos de piñeiro

Enredar coas vacas amarelas
Xogar no penedo coa corrente
e vé-las noites chéas de estrelas

Quixera, se, ser neno pra enredar
na dacote Galiza verdecente
E morrer de vello no antergo Lar.

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo



FALANDO SOIO

Saín de Bueu
e vin para Vigo,
deixando o meu
ca-gora está perdido

Dinde Vigo
inda era meu,
pro foi en Xullo
cando me deixou.
E agora,
que teño en Bueu?

Ter, teño moito
Teño seu relembro
a súa imaxe
sempre no pensamento

Quen era?

Era unha velliña

moi boa e moi pequeniña.

Era: Miña avoíña.

Onde está?

foise para sempre


á Dereita de Deus,

pro está decote presente

cós netos seus.

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo





LOUVANZA A MIÑA NAI PEPIÑA

Foi un martes de Santiago cando nos deixaches soios neste mundo. Non pudeches escoller millor día. O Ceo estaba limpo como unha patena. As barquiñas, que tanto che gostaban, pousadas narea coma para decirche o derradeiro adeus. Os mariñeiros, aqueles que che dicían as boas novas do tempo que faría, para ti tende-la roupa no teu longo chouso, íles murmulaban baixiño oracións pola túa ánima.

Tódolos, tódolos pousados o teu-rredor. Teus netiños que tanto quixeches en vida, non podíamos falar, faltábanos a túa verba. Non podíamos pensar que te foras para sempre a carón da nosa nai.

Anque te fuches dintre nós, estás con nós, sempre haberá un anaquiño do día que te vexa, que te escoite, que che fale. Non, non te esquezo,

non podo esquecerte, estás dentro de mín, dentro do meu corpo. Onde quixera que fora, virás tamén comigo .

Eu sei mesmamente que Deus levoute á súa Dereita. Ile premia as persoas coma ti, que levache toda unha vida adicada á laboura, non tiveches paraxe, toda túa vida foi e será un alumeado exemplo para mín.

Eres a miña vea que sempre está alumeándome. Eu pídolle a Deus que non se me apague, íla é a que me da forzas para leva-la cruz que todos temos no lombo, e poder chegar a ese Ceo que é o premio, ti xa o topache, po-lo que todos estamos neste mundo de paso.

Estabas moi bonitiña na caixa. Asemellábase a isas monxiñas que van polo mundo adiante para endereitar os camiños tortos que hai nista terra ruín.

As túas netas pousaron na caixa os zapatiños novos que ti sempre quixeches levar para outro mundo, e así cumpriron a túa vontade.

Sacámosche da túa casa cando o sol caía a promo, eu non sei se era suor o que me vertía pola face ou bágoas, tiña que selo primeiro, pois xa non tiña auga que verter, logo, o sol tan forte secábame a faciana i os ollos, e cáseque non ollaba, xa non era eu quen te levaba, levábasme ti no meu pensamento.

Miña avoa Nai Pepiña, olla por nós dinde alá enriba, para que cando cumpramos coa misión pola que fomos paridos, xuntémonos tódos outra vez arredor teu e da nosa nai mesmiño coma cando eramos meniños eiquí en baixo.

Teu Xoansiño

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo



TEÑO MÁIS CUNHA PAREXA

No Nadal
chegounos un chaval,
é mouro e feituquiño
Víunos no inverniño
para quentarno o fogara
Sendo agora, cinco no xantar

Leva o nome de Pabliño
para que nos sexa boiño
Pro fai cada argallada
nisa noite calada,
que esperta cal un trono
na escuridade do sono

Pero, ise longo berrido
son cousas de neno forte,
máis é para nós unha sorte
que sexa san e belido.

Xa ten un mes
e de seguida xogarán os tres
Pero máis, cando chegue o vran
Levarémolo po-la man,
e Pabliño, de seguro a chorar

E agora ren máis
Para o ano cecais,
cando enrede sobor do meu lombo
tendréi verbas máis dabondo

Teu Papai
Febreiro /73

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo



HOMAXES ALDEÁNS

Labregos aldeáns
De rompidas mans
De pés espidos
E corpos entumidos

Homes sofridos
Homes asoballados
Homes vendidos
Homes, homaxes
duros coma laxes
Escravos e traballadores
Afeitos á chuvia e aos calores

Homes da veiga
Fillos dunha terra meiga

Homes de monte

Homes de lonxe*Homes de bon corazón

Homes, hoxe

Sen ilusión

Homes antergos

Homes galegos

Homes e homes

Fillos do meirande aldeán

Fillos, do señor de Breogán

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo



A MIÑA FILLIÑA CARMEN NO DÍA DO SEU SANTO

Hoxe é dezaseis de Santiago

miña pequeniña

Hoxe é o teu día por leva-lo nome

de Carmiña

Hoxe é a festa dos mariñeiros,

onde a xente do mar pídelle á súa Virxe

moitos miragreiros

Hoxe é día de ledicia prós teus pais

e pro teu irmansiño

Hoxe é o día que mamai farache o

meirande pasteliño

Hoxe é o teu día porque así o quixo teu pai

que tiveras o mesmo nome da túa avoiña

en relembro permanente da miña nai,

e tendo como íla, o nome de CARMIÑA.

Teu Papai /72

oooooooooooo OOOOO ooooooooooooo



FE DE ERRATAS

Iste libro ten algunha erratas.
Prégolle aos pacentes lectores
arredas por non habelas correxido.

O autor

